

# **OLA SILVIA, ¿ESTÁS AÍ?**

**Fátima Rodríguez Figueiras**

Finalista

## **PERSONAXES**

NAI  
TÍA  
PSICÓLOGA  
AVOGADA  
SILVIA

*(Escoitamos como se abre a porta de entrada dun piso. Pasos distantes. O ruído dun tropezón. Un «Merda!» en voz alta. O interruptor da luz que se acciona. Máis pasos que se achegan. O son dunhas chaves que se deixan caer sobre a mesa. Ábrense caixóns, rebúscase tabaco no seu interior. Alguén que tamén se deixa caer nun sofá e suspira, case chorando. Un cigarro que se prende. Unha calada profunda. Silencio. Un paquete mal envolto que se abre. E como se cargan as balas ata encher o tambor dunha pistola, mentres soa o teléfono catro veces e salta un contestador).*

VOZ: Ola, son Silvia, agora mesmo non estou en casa, pero podes deixar a túa mensaxe despois de oír o sinal.

AVOGADA: Ola Silvia, sei que é tardísimo, pero mañá saio a primeira hora e estarei todo o día fóra. Quero que saibas que xa falei con Montse. Díxome que estaba preocupada por ti porque non dás sinais de vida dende hai días. Supoño que non será nada; xa me gustaría a min poder illarme do mundo de vez en cando,

pero con fillos é moi difícil. Total, chamábate para confirmar que Montse aceptou vir de testemuña ao xuízo. Estivemos analizando xuntas a forma de xustificar a denuncia despois de tanto tempo, e se ten sentido dende o punto de vista psicolóxico, o xuízo está gañado. Terías que contar o das ameazas coa maior credibilidade posible e pensa que o tempo borra moitos argumentos importantes e outros poderían parecer contraditorios. Temos que ter coidado con todo isto. Necesito que falemos urxentemente para preparar o xuízo. Imos ter que coller forza e, sobre todo, tes que estar convencida de que merece a pena seguir adiante pase o que pase ao final... Pois iso, quen nolo ía a dicir hai un ano. Ánimo, espero a que me chames!! Por certo, que forte o da túa tía. Xa me dixo túa nai que te chamara. Teño curiosidade por saber que foi o que che deixou no contestador.

*(Colga. Escóitase como se rebobina o contestador. Silencio. Outra calada ao cigarro. O son dun interruptor que acciona o contestador automático).*

Voz: Ola son Iria...

*(Para a mensaxe e adianta a cinta para seguir escoitando. Alguén colga o teléfono sen deixar mensaxe. Volve parar a mensaxe e adianta a cinta un pouco máis).*

PSICÓLOGA: ...e como non son capaz de contactar contigo, finalmente optei por deixar unha mensax...

*(Para a mensaxe e rebobina a cinta para escoitala desde o principio).*

PSICÓLOGA: Ola Silvia, levo todo o día chamando aos teléfonos que me facilitou Berta e como non son capaz

de contactar contigo, finalmente optei por deixar unha mensaxe. Berta xa me adiantou información sobre o teu caso...

*(Para a mensaxe e volve adiantar a cinta. Logo segue escoitando).*

PSICÓLOGA: ... gustaríame que nos coñecésemos e que me contaras o que ti queiras contar. No caso de que eu vira posibilidades de seguir adiante coa terapia que abandonaches, explicaríache o procedemento que seguiremos coas sesións. En todo caso, mañá pola mañá vémonos na miña consulta...

VOZ: Silvia Rodríguez? Chámolle de Aquagest, sinto dicirlle que non é posible facer o cambio de titularidade porque non coincide o número de planta...

*(Pasa a cinta un pouquiño máis adiante).*

NAI: Ola nena, non saberás onde tes a saia negra que levaras á voda de...

*(Corta e corre a cinta).*

NAI: ...xa non sei se é que non me queres coller. Eu non o paso ben. Para min tampouco é fácil pero non sei que facer. Dime que queres que faga, queres que o mate? Que se monte un escándalo? Que o saiba teu pai...? Túa irmá necesita saír da casa e como aquí non ten amigas, ten que saír connosco. O de ir á festa de Cee foi por iso. Xa sei que cho tiña que ter comentado, pero nese momento para min era máis importante ver como se divertía a túa irmá. De todas formas, ao final non fomos con eles. Mira, e sobre que hora chegarás o día de Noiteboa? *Bueno*, falamos antes ou despois da cea, o teu pai parece que recupera o oído cando quere e ás veces teño a sensación de que escoita máis

do que nos fai crer... Falei coa túa nova psicóloga. Díxome que xa levades catro sesións e parece encantadora; polo menos, parece mellor ca anterior. Chámame por favor, un bico.

PSICÓLOGA: Ola, non son capaz de contactar contigo. Sei que ultimamente andas bastante atafegada no traballo. Falei con túa nai. Díxome que andas pensando en denunciar, pero que xa o intentarás outras veces e ao final nunca te decides. Eu xa che dixen que tomaras a decisión que tomaras eu ía estar contigo. Xa sei que abandonaches a terapia con Berta porque non atopaches un compromiso maior pola súa parte, pero iso non o vas atopar en ningún psicólogo. Tampouco en min. Todos che van dicir que esa decisión só pode ser túa. Podo estar dacordo contigo en que as simboloxías de Berta non foron as máis adecuadas, pero ao principio non coñeces o suficiente á persoa para dar coa fórmula de alivio. Eu faría o mesmo ca ela. Por outro lado, para a túa nai non é fácil saber o que ten que facer. Un non nace aprendido para saber como actuar en casos así. Os pais non temos unha folla de instrucións para saber como educar, como actuar, como falar... O teu contexto difire moito do seu, así que tes que aceptar que no seu caso, coa súa educación, probablemente ti actuarías igual ca ela. Só tes que entender que non é fácil saber como hai que reaccionar. Xa sei que che doeu o da festa en Cee. Tamén mo contou e está arrepentida de non consultalo contigo antes; sabes? Ata creo que che ten un pouco de medo pola agresividade das túas reaccións. Ou se toma a decisión de facelo público, ou a ela non lle queda máis remedio que disimular para que ninguén o saiba. Deixa de torturarte e de torturar aos que te rodean, porque tes que aprender a quere los tal e como

son. Podes estar máis ou menos de acordo coa terapia, pero mentres sigas pensando en vinganza só che farás máis dano. Esquecer, perdoar ou denunciar. Non hai máis opcións. A postura que estás tomando é a máis prexudicial para a túa propia saúde. En fin, preferiría que puideramos falar disto, serviríame por teléfono. Só necesito a alguén do outro lado da liña telefónica que responda, que asinta, que se enfade ou que negue todo o que eu digo. Pero necesito oír a túa voz, así que por favor, chámame e falamos.

NAI: Ola, son mamá, como estás? Asusteime cando fun pola mañá á túa habitación e xa non estabas. Díxome a túa irmá que marcharas de madrugada. Que colleiras as cousas e que saíras chorando da habitación... Coa noite que ía e ti co faro do coche fundido... Para ter un accidente. Pero por que te pos así, muller...? Despois de tanto tempo... Que culpa ten a túa curmá do que fixera seu pai? Pensei que en todos estes anos iría suavizándose o teu odio. Non podes imaxinar o que me doe cada vez que me repites que te fallei, que botas de menos á túa avoa porque só ela te entendía... Finalmente, vas denunciar? Falei con túa tía e xa lle dixen que non iamos á voda. Vaite chamar. Xa falaremos.

TÍA: Ola Silvia, díxome túa nai que non me ías coller o teléfono, pero como non podía agardar máis, armeime de valor para deixarche esta mensaxe no contestador. Sei que isto é meterme na túa vida sen permiso, pero se non o fixeches xa, aínda estás a tempo de cortar a mensaxe.

*(Córtase a mensaxe. Pasos que se alonxan. Ábrese unha botella de coca-cola. Sérvese nun vaso. Pasos que se achegan. Bébesse. Préndese un cigarro. Varias*

*caladas. Retómase a mensaxe da tía no sitio onde quedara).*

Eu só pretendo que coñezas a miña opinión. Non sei se servirá de alivio porque eu non sufrín o que ti sufriches, pero só de pensalo sáltanme as bágoas. O certo é que a miña vida está totalmente arruinada. Toda unha vida traballando e agardando polo retiro para acabar perdendo a ilusión por todo. Sei que nunca nos levamos ben, que nunca encaixamos, sempre notei unha barreira entre as dúas. Os psicólogos din que é unha enfermidade. A min cóstame aceptalo. Díxome que eras coma o seu xoguete, que cando aparecías revivía, que non podía evitalo... Sei que me odias por seguir casada con el, por seguir vivindo con el... Pero que vou facer? Se o que realmente queres é perderme de vista non volverei pola casa da túa nai, así non terás que pasar de largo cando vexas o meu coche aparcado na porta. Pero este quizais non sexa o momento de tomar unha decisión precipitada. Facer público todo isto agora poderíamos facer moito dano a todos e non sei se merece a pena. Decátate que só nós sabemos o que pasou. E se non ven á voda a única irmá que teño nin os seus fillos, dará que falar a todo o mundo. Se despois de tanto tempo segues tan dolida como para non deixalos vir á voda, imaxina o mal que o debes estar pasando. Nós non o teriamos superado sen a axuda dunha psicóloga. Axudounos moito e xa entón me dixo que che dera o seu teléfono por se querías contactar con ela. Teno túa nai. Antes de tomar esa decisión pensa en todo o que poderíamos nós e no pouco que gañarías ti. Un bico.

PSICÓLOGA: Ola Silvia, empezo a preocuparme por ti. Levas días sen dar sinais de vida. Onte non chamaches nin avisaches de que non ías vir á cita. Só espe-



ro que ese mozo do que me falaches sexa a causa da túa ausencia, e que a estedes gozando xuntos.

AVOGADA: Estás aí? Se estás aí colle, quero falar contigo. Lin o mail que me enviaches e estou preocupada. É evidente que nada do que te poida dicir agora calmaría a túa dor, porque a gravidade dos abusos non se esquece, nin as súas consecuencias se calman coas miñas palabras. Pero estasme ensinando a relativizar e a coñecer a empatía, iso que ninguén aplica porque é moito máis doado facer o contrario, así que pensemos no teu irmán, na túa nai, na vida de cada un... E ao mellor ata entendemos que para eles a voda mesmo sexa un plan estupendo. E... Sabes que dicía meu pai? Que a familia venche dada e que tanto os amigos como a parella son elixidos. Dicía que todos teríamos que saír de casas de acollida porque o único que dá a familia son problemas, así que pensa nese mozo do que me falaches, no voso entendemento, na vosa comunicación e síntete afortunada, non sabes o duro que é non ter con quen falar... aínda cando estaba casada.

PSICÓLOGA: Ola Silvia, acábanme de chamar preguntando por ti. Non me deron explicacións pero deduzo que se trata do mozo do que me falaches e agora si que estou preocupada de verdade. Díxome que non te localizaba, faloume da conversación que tivestes sobre a túa decisión de seguir adiante coa denuncia, e que se arrepentía de non apoiarte como esperabas. Tamén sei pola túa nai que vai casar a túa curmá e que ese foi o detonante da última bronca que tivestes. A verdade é que non sei moi ben que dicir. Os límites están tan difuminados que non é doado tomar decisións acertadas en cada momento. Creo que o teu mozo ten razón cando di que a voda da túa curmá non deixa de

ser un acto público no que a presión social xoga na túa contra, e ti sábelo. Se non se destapou o problema e quedaron cuestións por resolver ás que se lle botou terra por riba, quizais deberías pensar en facilitar o exercicio da empatía. As persoas que queres e te importan manteñen unha relación coa túa curmá que está por riba do que pasara nun momento dado. E seguramente pensarán que ela non ten que pagar polos erros do seu pai.

NAI: Silvia? Onde estás? Xa vai para catro días que ninguén sabe nada de ti. Estou pensando en chamar á policía. Onte estivemos na túa casa, por un momento pensei que che ía atopar alí... Non quero nin pensalo... Xa non me queda ninguén a quen preguntar. Sintto moito todo o que estás pasando e arrepiéntome cada día de non ser boa nai. De fallarte. De equivocarme tantas veces... (*chorando*) Chama por favor, aínda que non queiras volver falar comigo, dille a alguén que me chame para tranquilizarme...

AVOGADA: Ola Silvia, sei que é tardísimo, pero mañá saio a primeira hora e estarei todo o día fóra. Quero que saibas que xa falei con Montse. Díxome que estaba preocupada por ti porque non dás sinais de vida dende hai días... Supoño que non será nada; xa me gustaría a min poder illarme do mundo de vez en cando, pero con fillos é moi difícil. Total, chamábate para confirmar que Montse aceptou vir de testemuña ao xuízo. Estivemos analizando xuntas a forma de xustificar a denuncia despois de tanto tempo, e se ten sentido dende o punto de vista psicolóxico, o xuízo está gañado. Terías que contar o das ameazas coa maior credibilidade posible e pensa que o tempo borra moitos argumentos importantes e outros pode-

rían parecer contraditorios. Temos que ter coidado con todo isto. Necesito que falemos urxentemente para preparar o xuízo. Imos ter que coller forza e, sobre todo, tes que estar convencida de que merece a pena seguir adiante pase o que pase ao final... Pois iso, quen nolo ía dicir hai un ano. Ánimo, espero a que me chames!! Por certo, que forte o da túa tía. Xa me dixo a túa nai que te chamara. Teño curiosidade por saber que foi o que che deixou no contestador.

*(Acaban as mensaxes do contestador. Unha última calada e o cigarro esmagándose no cinceiro. Escóitase marcar un número e a continuación como salta un contestador).*

CONTESTADOR PSICÓLOGA: Ola, Gabinete Psicológico de Montse Castelo. Nestes momentos non o podemos atender. Deixe a súa mensaxe despois de oír o sinal e poñerémonos en contacto con vostede. Grazas.

*(Vólvese marcar outro número. Comunica. Márcase outro número e sae outro contestador).*

Voz: O teléfono ao que chama está apagado ou fóra de cobertura.

*(Márcase o mesmo número de antes e segue comunicando. Cólgase. Silencio).*

*(Préndese outro cigarro. Un par de caladas. Descólgase o teléfono, márcase un número. Dá sinal. Responde unha voz de home: «Diga?». Cólgase o teléfono axiña. Silencio. Unha calada máis ao cigarro. Vólvese escoitar marcar o mesmo número. Responde a mesma voz de home: «Si?». Silencio. «Quen é?...». Antes de que diga algo máis, cólgase o teléfono).*

*(Un grolo para acabar a bebida. Unha última calada*

*e apágase o cigarro. Préndese a radio. Soa unha canción de Bola de Nieve: No siento).*

*...No siento.*

*Y ahora cuando en estas tardes grises  
hay un crepúsculo yerto  
y tiñe el borroso paisaje de la tristeza del tiempo  
y hay humedad en los campos  
y humo en las calles del puerto  
y ruedan lentas las horas  
bajando el mundo al silencio  
yo no sé lo que me pasa  
pero tengo un sentimiento  
ya yo no soy tan sensible  
como era en otro tiempo.*

*No siento.*

RADIO: E cando son as tres e vinte da mañá seguimos aquí dispostos a compartir en directo esas historias que non vos deixan durmir. Por se houberse alguén que nos escoita por primeira vez, lembramos que os nosos teléfonos están abertos permanentemente e que pode des chamar aos números 981 540 934 e 981 540 944. E mentres agardamos a seguinte chamada...

*(Apágase a radio. Descólgase o teléfono, márcase un número. Dá sinal).*

VOZ: Boas noites, está vostede chamando ao programa «Pensando en ti» da Radio Galega. Cal é o seu nome, por favor?

SILVIA: Chámome Silvia.

VOZ: Ben Silvia, en breves momentos pasarémoslle con M<sup>a</sup> José Rivero en directo. Grazas por chamar á Radio Galega.

*(Música de chamada en espera).*

VOZ: Boas noites Silvia, de onde nos chamas?

SILVIA: De Santiago.

VOZ: E de que nos queres falar, Silvia?

SILVIA: Estou un pouco nerviosa. Acabo de colgar o teléfono despois de oír a voz dun home. Chamábao para dicirlle que ía facer que todo o mundo soubese do que me fixo e que dalgunha maneira ía pagar polo seu delito. Chamábao para sacar de min o odio acumulado durante moitos anos. Para agravarlle o sentimento de culpabilidade, porque sei que o ten. Acabo de chamar por teléfono ao cabrón que abusou sexualmente de min cando só tiña 10 anos. Chamábao para contarlle que me ía suicidar. O estoupido da pistola íalle romper os tímpanos despois de dicirlle todo o que lle tiña que dicir antes de acabar coa miña vida. Pero cando escoitei a súa voz non a recoñecín. Sabía que tiña que ser el, pero de súpeto era un descoñecido, un estraño, non puideron nin lembrar a súa cara. Sentín que estaba facendo a chamada equivocada. Do outro lado había simplemente un fillo de puta. E o seu rostro xa non se correspondía co retrato robot da miña xenreira. No meu desacougo apareceron entón moitas outras caras de culpabilidade.

Perdoa se me estou atrapallando, é que levo varios días fóra da casa sen falar con ninguén para tomar unha decisión. Cando entrei pola porta esta noite

tiña claro: ía vingarme dese cabrón. Era a primeira vez que tiña unha pistola na man, pero non me tremía o pulso. Entón soou o teléfono e non sei por que, decidín escoitar todas as mensaxes que me deixaran no contestador durante estes días. Deprimente. A única preocupación das persoas que supostamente se preocupan por min é saber de que maneira lles afectará a eles o feito de que eu faga unha denuncia pública dos abusos que sufrín. Nais que esconden agresións infrinxidas ás súas fillas, psicólogas que non se poden implicar nos casos das súas pacientes nin para denunciar agresións, modelos familiares perfectos que son unha triste mentira... Decateime de que non podía matarme sen denunciar unha situación que vai moito máis alá do que din as noticias, os políticos e as leis.

Como explicarlle a unha nai que o único que lle pides é que estea contigo en momentos coma este? Que fas cando unha e outra vez evita falar dese tema que aínda temos pendente? Que tipo de presión social fai que unha nai perda o instinto de protección cara unha filla? Se un médico pode denunciar unha agresión, por que un psicólogo non pode facelo? Como teñen que ser de graves os abusos para que sexan considerados agresións? De que serve realmente o apoio dun especialista que non pasou polo que estás pasando nin se pode implicar no teu caso? Por non falar do modelo de familia católica como pilar básico da sociedade. De que sociedade están a falar cando as mulleres deben converter en tabú calquera información que prexudique a honra dos seus maridos, cando deben seguir casadas con pederastas ata que a morte as separe. Gustaríame preguntarlle todo isto ao Papa ou a todas esas persoas que se van manifestar para cele-

brar estes modelos de familias perfectas. A miña realidade, por desgraza, é a que é. Si, ese modelo de familia é perfecto, pero non para xerar unha convivencia sa, senón para ocultar certos delitos, para imponer o silencio, para que teñas que respectar a un fillo de puta só porque sexa teu tío. A fin de contas eu son simplemente unha vítima, estou condenada a selo para toda a miña vida. Vítima dun terrorismo invisible que se agocha no zulo da familia. Vítima dun agresor que está amparado nun sistema de protección e ocultación do que todos somos cómplices. Por iso antes que pegarme un tiro como acto de vinganza contra un cabrón que xa nin recoñezo, prefiro denunciar esa gran mentira nun programa de radio e lanzar unha acusación ás ondas que quizais me permita seguir adiante: porque a culpa é vosa, pero a dor segue sendo miña.

*(Silencio. Silvia colga o teléfono).*